2020 2021

35

revistaREMUÍÑOS

CEIP DE ESTEIRO - FERROL

Contidos

04 **Editorial**
Un ano cheo e dificultades e adaptacións aos cambios.

06 **Educación Infantil**
Wangari Maathai
Dona Carme
Actividades do ano

13 **Educación Primaria**
Exposición oral
Visita ao CIT
Saída a granxa de Belelle
A caixa das emocións
Frases dos nosos maiores
Dédalo e Ícaro
Traballo sen parar!

26 **A Biblioteca**
Un ano diferente pero igual de fructífero

28 **Orlas**

38 **Letras Galegas**
Xela Arias

42 **Recordod deste ano**
Fotos

COMUNIDADE EDUCATIVA

Claustro
Raquel Abella Brozos
Jorge Aguado Amado
Elma Arias Rodríguez
José Barallobre Veiga
Irene Barroso Serrano
Gonzalo Beceiro Bellas
Alberto Conejo Pumar
Vania María Dapena Jul
Alejandro Díaz López
Paula Díaz Rodríguez
Noelia Fernández Bernardo
María Fernández Piñeiro
Gala Fernández Soto
Mercedes Garrote Díaz
Elena Beatriz González Melchor
Laura González Penela
Ana Lobeiras Fernández
María Ana Muíño González
Lucía Pardo Moure
María Dolores Paz López
María Dolores Pérez Pérez
Area Pérez Piñeiro
Susana Pita Villar
María Ponte Pita
María Dolores Ramos Saavedra
María Soraya Restrebada Corral
Patricia Rial Mosteiro
Ana María Ríos Grueiro
Rosa María Rodríguez Arcala
María Cristina Rodríguez González
María Dolores Rodríguez López
María Begoña Romero Martínez
Eva Sesar Peón
Lucía Varela Deive
Víctor Manuel Varela Negreira
Inés Vázquez Castro

Consello Escolar
María José Cartelle Loureiro
Vicente Díaz Casas
Isabel Martínez Sánchez
Cristina Prados Rubio
José Andrés Varela Penedo
Eva Vázquez Criado

ANPA
Eva Vázquez Criado

Persoal non docente
Concepción Casas Villar
Mar Díaz Calviño
Mónica Ferreira Golpe
Eva María García Beceiro
Ana Isabel López Casal
María Isabel Porta Bacelo
Rocío Ruíz García
Ana Isabel Suárez Loureda

Inspección Educativa
Santiago Sobrino Josenje

Editorial

Un ano diferente

Chegamos ao remate deste curso 2020-2021 tan atípico e cheo de novidades e cambios que marcaron o día a día do noso centro.

Comezamos o mes de setembro cunha incertidume en canto ás entradas escalonadas, o uso e medidas sanitarias antes, durante e despois das diferentes sesións, a separación entre os grupos, as quendas de recreos e espazos, etc. Pero se voltamos unha ollada atrás soamente cabe dicir **GRAZAS**, a todas e todos por facer un exercizo de responsabilidade co resto de membros da comunidade educativa. Fomos quen de sacar adiante un curso cunha normalidade aceptable en canto a actividades e traballo,

Para todos/as aqueles que marchades do centro ou estivéchedes un tempo entre nós, simplemente desexarvos o mellor para o futuro.

E para rematar temos que darlles unha aperta ben forte a ese alumnado de sexto que marcha, pero que xa saben que esta será sempre a súa casa a onde poden vir buscar consellos ou visitar a aqueles que quedamos atrás; comezades unha nova etapa chea de ilusións e novos retos que afrontaredes coas máximas garantías grazas ao profesorado e as familias que vos acompañaron ao longo destes anos.

Feliz e merecido verán.

Ao longo deste curso, as nenas e nenos de **3 anos** coñecimos a varias Mulleres Pioneiras en diferentes eidos: escritoras, científicas, ecoloxistas... Na que máis profundizamos e captou a nosa atención foi Wangari Maathai. Achegámonos á súa biografía a través do libro "Wangari y los árboles de la paz. Una historia verdadera" e dalgúns videos.

Aprendimos que naceu en Kenia e que grazas á súa defensa das árbores, do desenvolvemento sostible e da igualdade de xénero recibiu o Premio Nobel da Paz en 2004. Traballamos co seu nome e o seu retrato.

Cada equipo debuxamos a nosa interpretación da imaxe de Wangari utilizando a estructura cooperativa do folio xiratorio e os resultados foron espectaculares!

Votamos para elixir o debuxo que íamos colocar no mosaico que se expuxo nas escaleiras do cole polo 8M. Entre todos escribimos o aprendido sobre a vida e a obra desta excepcional muller. Foi unha actividade moi enriquecedora, coa que aprendimos a traballar en equipo e a respetar as opinións dos demáis.

DONA CARME

4 anos Educación Infantil

Este curso os nenos e nenas de 4 anos iniciámonos no mundo da interpretación. Despois dun primeiro achegamento, comezamos a preparar a nosa obra de teatro baseada no libro “Dona Carme”, escrito por Manuel Bragado e ilustrado por Pepe Carreiro (creador de “Os Bolechas”)



Despois de varios faladoiros pensando en como organizar o proceso, a experiencia está a ser moi interesante e motivadora xa que estamos a preparar todo nós mesmos: o reparto da clase en dous equipos, os disfraces, os carteis de promoción...

Os ensaios están a ser moi divertidos e estamos desexando actuar para os nenos e nenas de 3 e 5 anos. Esperamos que lles guste tanto como a nós preparalo!

Actividades do ano

5 anos Educación Infantil

FOTO CONTACONTOS BICHOCAS:

NO NADAL TIVEMOS A VISITA DE ATENEA GARCÍA, COA OBRA BICHOCAS COA QUE DESFRUTAMOS MOITO DO SEU ESPECTÁCULO.

15 DE MAIO: DÍA DA FAMILIA:

POLO DÍA DA FAMILIA, ELABORAMOS UNHAS ROSAS DE PLASTILINA QUE DECORAMOS CON PURPURINA E ENGADIMOSLLE TANTAS FOLLAS COMA MEMBROS TEÑEN AS NOSAS FAMILIAS, LEVAMOLAS PARA CASA NUNHA CAIXA DE CARTÓN DECORADA POR NOS BEN BONITA.

LETRAS GALEGAS 2021

ESTE ANO, AS LETRAS GALEGAS 2021 ADICARONSE A XELA ARIAS, COÑECIMOS A SÚA VIDA E PARTICIPAMOS NA ELABORACIÓN DUN ABECEDARIO XUNTO COS COMPIS DE INFANTIL E PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA.

11 DE XUÑO. VISITA A GRANXA ESCOLA DE BELELLE

UNHA DAS SAÍDAS QUE FIXEMOS ESTE ANO FOI A VISITA A GRANXA ESCOLA DE BELELLE NA QUE PARTICIPAMOS NUN TALLER DE FACER PAN, MONTAR EN PONI E DARLLE DE COMER AOS ANIMAIS. FOI UNHA ACTIVIDADE MOI DIVERTIDA E QUE DESFRUTAMOS MOITÍSIMO.

VISITA A UNIVERSIDADE

OUTRAS DAS VISITAS QUE FIXEMOS FOI Á UNIVERSIDADE DO CAMPUS DE ESTEIRO, NA QUE PRIMEIRO VISITAMOS O TUNEL DE AIRE E DESPOIS FIXEMOS VARIOS EXPERIMENTOS NO EXTERIOR SOBRE MATERIASI QUE FLOTAN E NON FLOTAN.

GRADUACIÓN

O DÍA DA GRADUACIÓN FOI UN DÍA CHEO DE EMOCIÓNS, NO QUE CONMEMORAMOS O REMATE DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL. PARA ISO, DECORAMOS OS NOSOS BIRRETES CON ESTRELAS E XA NO ESCENARIO, RECIBIMOS UN DIPLOMA NO QUE SE NOS PREMIAN OS NOSOS LOGROS, AVANCES E VIVENCIAS NESTA BONITA ETAPA QUE DEIXAMOS ATRÁS COS NOSOS COMPIS E TAMÉN RECORDANDO AOS PROFES E AS PROFES QUE ESTIVERON CON NÓS AO LONGO DE TODA ESTA ETAPA, AGORA, QUÉDANOS SEGUIR MEDRANDO NO COLE, PERO XA EN PRIMARIA.

ACTIVIDADE DE DISCAPACIDAD VISUAL

COA PROFE DE MÚSICA TAMÉN FIXEMOS MOITAS ACTIVIDADES, UNHA DELAS FOI O BAILE DA CANCIÓN DOS CINCO RATOS EN EQUIPOS EN LINGUAXE DE SIGNOS E TAMÉN UNHA ACTIVIDADE DE DISCAPACIDAD VISUAL.

DÍA DA PAZ

POLO DÍA DA PAZ TRABALLAMOS O SÍMBOLO E DECORAMOS O CORREDOR XUNTO COS TRABALLIÑOS DOS NOSOS COMPIS.

1º de Educación Primaria

Comezado o segundo trimestre os nenos/as de primeiro temos moito que contarnos por iso puximos en marcha unha nova actividade

Exposición oral

Consistía en que cada un de nós contara aos demáis o que máis lle interesa , o que lle gusta , o que ben coñece , o que lle gusta facer....Aprendimos de moitos e variados temas e sentímonos moi importantes contando as nosas inquietudes aos nosos amig@s.
Tod@s escoitamos e aprendimos dos demais. Foi unha experiencia moi enriquecedora que gustounos moito levar a cabo e que incluso algún de nós repetiu.
Imos deixar algúns dos temas, para que seipades de canto e cantas cousas somos capaces de falar....

-RUBÉN "Montaxe de xoguete electrónico. Teclado"

-MATEO "Dragóns"

-ROQUE "Lectura dun conto"

-CANDELA "Frida Kahlo" "O Ciclo da auga""Maruja Mallo"

-XAIME "Formigueiro" "Animais mamíferos que viven en Galicia"

-ERIK DÍAZ " Características do Gorila"

-DANIEL "Curiosidades do león"

-GABRIELA "Os cabalos" "Animais acuáticos"

-ELSA "O meu comic favorito. Narval" "Jane Goodall" "Marie Curie" "Rosa Parks"

-VERA "Diferenzas Suiza-España" "Elaboracion tarta frambuesa e chocolate"

-MANUELA "O meu comic favorito. Super Hero Girls" "Anna Franz" "Dian Fossey"

-JULIA MONTERO "Percorrido en Disneyland-París"

-ALBA "Papiroflexia.Barco de papel" "Manualidad. Polbo"

-MARIA "Album de fotos. A importancia dos amig@s" "Exposición animais"

-CLARA "Mulleres piratas na historia. Daniela quere ser pirata"

-JIMENA "Mitoloxía griega"

-LANCELOT "Superhéroe. Superman"

-ERIK SÁNCHEZ "Manualidad. Avión feito con cartón"

-LUCÍA "Cómo son as miñas mascotas"

-JAMILA "A vaca"

-FERNANDO "Os Xogos Olímpìcos"

-JULIA TIZÓN "Libro de elaboración propia: Todos contra o virus"

-MARTÍN "Aplicación no móvil. Búsqueda do tesouro"

-BRAIS "A Xirafa"

.

Queremos agradecer moito a axuda que recibimos na casa para preparalas. Agora xa, todos sabemos para que pode empregarse un power point, murais e ilustracións, as nosas propias elaboracións... pois axudaronnos a explicar con maior facilidade o que sabemos. Tamén, somos conscientes da importancia dos libros, deles obtemos moita información do mundo que nos rodea.

2º de Educación Primaria

VISITA AO CENTRO DE INVESTIGACIÓNS TECNOLÓXICAS (CIT)

O pasado 15 de xuño, o CIT (Centro de Investigacións Tecnolóxicas) do Campus de Ferrol da Universidade da Coruña invitounos a asistir a unhas exposicións moi interesantes.

Tivemos moita sorte porque estaban situados moi preto do noso colexio, así que puidemos ir dando un paseo ata o espazo onde estaban esperándonos.
Unha vez alí separáronnos en tres grupos para participar nas tres actividades que tiñan preparadas para amosarnos.

Na primeira delas puidemos observar ben de cerca como funciona un robot.
Aínda que pareza mentira estas máquinas comparten algúns dos sentidos cos humanos como a vista, o tacto ou o oído. Ensináronnos que, a pesar de parecer doado, para poder funcionar correctamente, os robots deben ser programados previamente polas persoas cunhas aplicacións informáticas..

Despois continuamos coa segunda actividade que estaba ao lado da primeira. Alí puidemos comprobar algo que estudamos durante este curso na clase: a importancia da reciclaxe!

Observamos que os residuos poden utilizarse para convertelas noutras cousas. Neste caso o plástico das botellas, que tiñan xa triturado, pasaba por unha máquina que lle daba calor e, mediante presión, transformábase nunhas chapas que puidemos levar de recordo ese día.

Moitos dos rapaces/as quedaron impresionados e decatáronse de que, reciclando, pódese aproveitar os refugallos que xa non precisamos para obter cousas moi interesantes como pezas de construción, xoguetes...

Por último, na derradeira exposición que tiñan preparada, aprendemos sobre a importancia do estudo da dinámica de fluídos.
Leváronnos ao interior dunha instalación onde nos situaron diante dun túnel de vento para que puideramos comprobar o seu funcionamento. Foi moi divertido e emocionante!

As tres experiencias nas que participamos parecéronos moi interesantes e ademais aprendemos un montón de cousas novas.

A CLASE DE 2 DE PRIMARIA QUEDOU ENCANTADA COA VISITA E, SOBRETODO, CON MOITAS GANAS DE SABER MÁIS SOBRE CIENCIA!

SAÍDA A GRANXA ESCOLA DE BELELLE

3º de Educación Primaria

Despois dun ano bastante complicado, por fin a final de curso puidemos facer unha pequena saída e respirar un pouquiño de aire puro. O sitio que escollemos foi a granxa escola de Belelle.

Saímos xa a primeira da mañá e tardamos moi pouco en chegar, aínda que o viaxe fíxosenos corto porque fomos cantando todo o tempo. Unha vez que chegamos alí, presentáronos as nosas monitoras e dividíronnos en dous grupos.

O primeiro que vimos foron os mamíferos, había un montón de animais: porcos, vacas, ovellas, cabras, burros, coellos, coellos de india, cabalos, ponis, llamas e ata un dromedario. Puidemos tocarlles e darlles de comer cenorias. Tamén había cans e gatos soltos pola finca.
De seguido, visitamos as aves, había unha gran variedade: galiñas negras, pombas mensaxeiras, ocas, patos, paspallás, etc. Moitas delas estaban piando e os pavos reais acababan de ter poliños pequenos, xa se lle podías ver nas ás os seus cores.

A media mañá fixemos un pequenos descanso para merendar e para xogar un pouco naquela finca. Era moi grande e tiña moita herba pola que correr, ademais facía un día marabilloso.

Seguimos a nosa saída montando en poni. As monitoras presentáronos aos que tiñan alí e despois, de un en un fomos subindo a eles e dando unha pequena volta polo campo de hípica. Tamén puidemos tocalos e darlles un mimos.

Por último, camiñamos polo bosque ata unha cabana que había alí agochada. Nela puidemos escoitar os sons da natureza e de diferentes animais, vimos os cranios dalgúns animais, así como niños ou incluso pegadas que logramos identificar.

A volta ao cole en autobús non foi nada aburrida porque seguimos cantando e cando chegamos aínda puidemos xogar un ratiño no patio. E ata aquí, unha mañá de aventuras, na que aprendemos moito e sobre todo na que o pasamos moi ben!

A caixa das emocións

4ºA

Este ano empezamos o curso preparando una caixa moi especial na que tiñamos que introducir uns papeliños nos que cada día intentabamos contar como nos sentíamos ao empezar un curso diferente debido á COVID. Cada venres líamos e comentabamos os diferentes escritos. Aquí tedes unha pequena mostra do que sentimos neses momentos.

@Hoxe síntome xenial e non teño nada máis que dicir!!

@Hoxe por fin veño ao colexio...estou emocionado!!!

@As mañás son mañás e o cole e o cole aínda que as normas son diferentes, pero seguimos estudando, aprendendo e continuando con todo. Síntome así e é un sentimento estupendo, así que doulle as grazas a Lola e ao resto do profesorado.

@Hoxe veño alegre con ganas de xogar cos meus compañeir@s e estudar.

@Pásoo moi ben no cole, é o mellor. Espero que o coronavirus se marche pronto.

@ Hoxe síntome moi contento e con enerxía.

@ Hoxe estou moi ben e feliz porque levoume o meu pai ao colexio.

@Síntome moi ben porque o cole axúdame a aprender.

@ Hoxe estou moi ben coas nosas cabazas!

@ Síntome ben porque vou a estar coa miña nai.

@ Síntome moi ben! Hoxe Iago trouxo unha tartaruga que vai mudar o caparazón, é moi divertida!!



@ Hoxe veño enfadada!!

@Hoxe síntome ben, con forzas para loitar contra a COVID.

@ Síntome xenial!! Outro día no cole nunha nova semana!!



@ Hoxe estou moi cansо pero tamén estou moi feliz!!

@ Síntome feliz porque o fin de semana vou xogar coas miñas amigas ao ROBLOX.

@Estou feliz porque vin cun amigo e fun a súa casa.

@ Síntome moi ben, pero moi moi ben porque agora teño un gatiño negro, é súper suave e agarimoso.

@ Hoxe veño nerviosa pola nota do exame, pero veño moi contenta por xogar coas miñas amigas á buxaina e tamén por estudar.

@ Hoxe síntome xenial porque é o día do peón e vouno bailar na man!

@ Hoxe veño contenta de vir ao cole, con ganas de estudar e xogar cos meus compañeiros e compañeiras.

4ºB Educación Primaria

Frases feitas que usan os pais e nais dende o comenzó dos tempos...!



"Ti pensas que son o Banco de España?"

"... e si el se tira dunha ponte, ti tamén te tiras ? "

"... Non hay peros nin peras."

A boas horas mangas verdes...

Baixa o volumen que vas quedar sordo!

Que sexa a ultima vez!

Vouche contar ata tres...

Ti Pensas que o diñeiro cae das árbores ?

" ... abrígate que vai frio! "

Si non o comes o ceas...!

Vaia dos, o catarro e a tos!

Aquí cheira a humanidade!

" Vai pasar cando os porcos podan voar. "

"Vale un ollo da cara"

Xa virás a min cando te interese.

"Esto non é un hotel".

Ti pensas que caín dun guindo?

"A que vou eu e o atopo?

Porque o digo eu e punto.

Cho dixen!

Algún día o ententeras...

- Como?
Comendo e coa culler metendo

" ... abrígate que vai frio! "

Pecha a boca e come.

"Eu a tua edade..."

Arreando que é xerundio.

Mentres vivas nesta casa...

Eu: - Papa, saquei un 7 no examen...
O meu pai ou a miña nai: - Poderías sacar un oito...
Eu : - Papa, saquei un nove no examen...
O meu pai ou a miña nai: - Poderías sacar un dez ...

5º EDUCACIÓN PRIMARIA



Traballo sen parar!

Este ano en 6º traballamos arreo nas distintas materias, pero sobre todo collémoslle gusto ás presentacións diante da clase falando sobre os nosos temas de interese. Adicamos un tempo importante á interculturalidade coas presentacións sobre Vietnam, China e Australia e participamos nalgunha actividade sobre igualdade. Con Elma traballamos a nosa parte artística deixando a nosa pegada no corredor do colexio. Aquí vos deixamos unha pequena mostra en fotos.

a nosa biblioteca

Este ano o traballo do equipo de dinamización da biblioteca escolar comezou paseniño, con moitas dúbidas e inquedanzas. Pouco a pouco, fomos vencendo o medo e transformándoo en novas oportunidades, novos xeitos de facer as cousas e de manter vivo o espírito da biblioteca na escola, encabezado pola nosa querida Pescadora de Historias.

Este curso, máis que nunca, destacariamos a participación do alumnado e profesorado en todas as actividades propostas. Houbo que trasladar a biblioteca ás aulas coa colaboración do profesorado e compromiso dos titores e titoras e, foi posible, grazas ao entusiasmo e motivación do alumnado.

Botando a vista atrás foi un curso cheo de actividades, pero quizais unha das máis fermosas foi o traballo realizado sobre as mulleres pioneiras. Primeiro, coñecendo mulleres científicas ás que nos achegamos polo mes de novembro e, despois, nos meses seguintes, pescudamos sobre outras moitas mulleres relevantes. Todo o aprendido tomou forma de mural nas corredoiras e de verbas e debuxos nun interesante vídeo, feito por todos os nenos e nenas da escola.

No primeiro trimestre, recitamos poesía polo "Día da Biblioteca" e a compartimos co resto dos compañeiros e compañeiras a través de vídeos. Para conmemorar o "Mes da Ciencia en galego" os pequenos da escola retaron aos maiores a explicar experimentos.

No segundo trimestre, limos libros sobre a paz e a non violencia, achegámonos a Rosalía a través dos seus libros... En febreiro visitounos Lucía Toval, antiga alumna da escola, con motivo do "Día da nena e da muller na ciencia". A charla foi para 5º e 6º de primaria, os primeiros vía streaming e os segundos de xeito presencial no salón de actos. E xa a finais do 2º trimestre creamos un mural conxunto polo "Día da muller".

Comezamos o terceiro trimestre participando na 2ª edición do concurso "O preguntón", achegándonos ao uso da biblioteca e o manexo dos libros. Todos os participantes recibiron un agasallo e lles fixo moita ilusión!

Durante todo o ano desfrutamos dun montón de novidades no que á lectura se refire, ademais de continuar levando ás casas un anaquiño da biblioteca escolar a través das Bolsas dos Tesouros e das Mochilas Viaxeiras. Sen dúbida, a implicación das familias nesta actividade convértea nunha das máis exitosas da nosa biblioteca.

Xa, por último, a Pescadora de Historias quere despedir ás nenas e nenos de 6º, que tristemente non puideron desenvolver labores como axudantes da biblioteca. Esperamos que o vindeiro curso o alumnado de 5º de primaria poida retomar dita actividade.

Os nosos mellores desexos para o alumnado de 6º na nova etapa que comeza!

MOITAS GRAZAS A TOD@S!!!

Blogue da biblioteca

4º de Educación Infantil

5º de Educación Infantil

6º de Educación Infantil

1º de Educación Primaria

2º de Educación Infantil

3º de Educación Infantil

4ºA de Educación Infantil

4ºB de Educación Primaria

5ºA de Educación Infantil

5ºB de Educación Infantil

6ºA de Educación Infantil

6º de Educación Infantil

Ensinanza Evanxélica

Iniciamos este curso tan diferente e especial con moitas ganas e entusiasmo, despois de máis de seis meses sen vernos, por mor da pandemia.

Como cada ano, fixemos diferentes actividades dende Educación Infantil ata 6º de Primaria. Estas son algunhas delas.

Rematamos un conto colectivo que iniciamos o curso anterior.

En Infantil, tamén rematamos o conto do Monstro de cores.

Fixemos un Lapbook sobre a vida de Xesús.

Tamén fixemos postais de Nadal para as nosas familias.

Xogamos.

E, coma non, traballamos e aprendemos moitas cousas interesantes.

Letras Galegas

Xela Arias

XELA ARIAS

Xela Arias Castaño naceu en Sarria en 1962. Filla do escritor Valentín Arias, foi unha das voces máis singulares da poesía galega contemporánea e sobresaíu tamén como editora e tradutora.

Desde 1982, deu a coñecer os seus poemas en recitais, festivais e xornais, revistas e *fanzines* (*Dorna, Faro de Vigo, A Nosa Terra, Festa da Palabra Silenciada* etc.).

En 1986 foi finalista do premio Losada Diéguez co seu primeiro libro, *Denuncia do equilibrio*.

Exerceu un labor pioneiro no mundo da tradución, ao verter ao galego os textos de Gianni Rodari (*Contos ó teléfono*), Jorge Amado (*O Gato Gaiado* e a *Andoriña Señá*), W. Fernández Flórez (*O bosque animado*), Roald Dahl (*As bruxas*) ou Bram Stoker (*Drácula*); tamén participou na tradución de *O Quixote* de Cervantes ou *Dublineses* de Joyce. O seu traballo como tradutora fíxoa merecente de varios premios.

O seu pasamento foi 2003, cando preparaba o proxecto poético e musical *Vencerse é cousa de se tratar*, ocasionou unha fonda conmoción no mundo cultural.

Xela Arias anticipou nos anos oitenta moitos temas e características formais da lírica galega da década seguinte. Atreveuse a explorar o diálogo entre a poesía e a fotografía ou a música e procurou novos espazos para ela en recitais, festivais e outras intervencións. A súa é unha poesía urbana, que rompe formalmente co código poético, cunha dimensión social e precursora da escritura de xénero.

Interpretando a Xela

Recordos deste ano













NIN
VIOLENCIA
SEXA
MACHISTA
OU
FEMINISTA


IGUALDADE É
A CLAVE DA
HUMANIDADE

MULLERES PIONEIRAS

OT ON MI 9 LITE
TRIPLE CAMERA

PREGUNTÓN
DISOBEY



Concurso:

CURSO
2020 21

OUTONO

CEREX

Darío

Xogueiro

PEQUENA

CEIP

BOOM!
Palabras

VIDA

CHOROS

nenos